

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de agosto de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e tres minutos do día 23 de agosto de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e a interventora xeral, Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(910).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e da sesión extraordinaria e urxente do 2 de agosto de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(911).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN CONTRA OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS DE BONO-TAXI, ANO 2013. EXPTE. 81095/301.**

Dáse conta do informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de persoas maiores e con persoas con discapacidade, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola xefa do Servizo da Área e a concelleira-delegada da área de Política de Benestar, que di o seguinte:

*Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternati-*

vo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, resultan os seguintes feitos:

- Por acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) de data 2 de abril de 2013 (BOP nº 76 de 19/04/2013), aprobáronse as bases e convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade. Ditas subvencións resólvense na sesión da XGL de data 10 de xuño de 2013.
- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria 2310.4800011 “Subvencións taxis discapacitados”, no vixente orzamento de gastos de Política de Benestar, por un total de 25.000,00 euros, número de documento contable A201300025510
- Tramitados os expedientes conforme o disposto na base 14ª da convocatoria, establececese o réxime de recursos, estipulando que contra a resolución dos mesmos poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición diante do mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte a notificación ou , no seu caso, publicación do acto que se recorra; así como o recurso contencioso administrativo diante do xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, computados a partires do día seguinte ao da notificación do acto que se recorra.

Na Comisión de valoración designada ao efecto, elevouse proposta de resolución, achegando a acta da citada Comisión de data 31 de xullo de 2013, na que se detallan as distintas propostas de estimación ou desestimación dos recursos de reposición.

Polo exposto, proponse á XGL, a adopción do seguinte acordo:

Comprobada toda a documentación, conforme ao disposto nas bases sexta e sétima da convocatoria, acórdase por esta Comisión de Valoración PROPOÑER Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a resolución dos recursos potestativos de reposición das subvencións sinaladas con anterioridade :

1.- DESESTIMAR o recurso presentado por José Luis Sendra Ortega, con DNI 35879824P, dado que o certificado do grado de minusvalidez que se adxunta na solicitude presentada con data 13/05/2013 non recolle a valoración de mobilidade. O certificado de minusvalidez que adxunta ao recurso potestativo de reposición é posterior á finalización do prazo da presentación de solicitudes.

2.- DESESTIMAR o recurso presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Soledad Lago García, con DNI 36079762F, por constar como titular de vehículo propio marca Chrysler modelo Neón matrícula M1136VT, incumprindo así a base 6d polas que se regula as concesións das subvencións de bono taxi, aprobadas en XGL do 2 de abril de 2013.

3.- ESTIMAR o recurso presentado por D. Agustín Britos Boan, con DNI 34718058H, dado que non ten vehículo automóbil propio e conceder a subvención por un importe de 100,00€ por ser o orzamento sobranete dispoñible con cargo á partida vixente no orzamento para este concepto.

No entanto a XGL adoptará o acordo que estime oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(912).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 06/2795, 11/1256, 1558/14, 992/14, 1193/12, 1666/05, 698/04.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 6.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Balbina Alonso Álvarez. Expte. 698/04.
- Concepción Quiroga Taboada. Expte. 1666/05.
- Herminia Domínguez Lorenzo. Expte. 1193/12.
- María Sordo Requejo. Expte. 0992/14.
- Amparo Ramos Salgueiro. Expte. 1558/14.
- José María Martín García. Expte. 2795/06.
- Dolores Rey Vázquez. Expte. Expte. 1256/11.

**4(913).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO- XULLO 2013. EXPTE. 2005/315.**

Visto o informe de fiscalización, do 9.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 6.08.13, conformado polo xefe e a concelleira delegada da Área de política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de xullo de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300022448 de 393.116.38 euros.

**5(914).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DERRUBA DO EDIFICIO MUNICIPAL DO ANTIGO RESTAURANTE "EL CASTILLO". EXPTE. 6820/307.**

Visto o informe de fiscalización, do 9.08.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.08.13, conformado pola técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a RIBERA NAVARRA S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do edificio municipal do antigo restaurante "El Castillo" (expte. 6820-307) por un prezo total de 128.326 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 22.271,45 €.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**6(915).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 80269/301.**

Visto o informe de fiscalización, do 9.08.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.08.13, conformado pola técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (expte. 80269-301) por un prezo total de 5.800.000 euros (IVE engadido) e un prezo hora de asistencia domiciliaria de 12,67 euros/hora, (sen IVE).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**7(916).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A. EXPTE. 6684/113.**

Visto o informe de fiscalización, do 6.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 14.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a TecnoCom Telecomunicaciones y Energía, S.A. a garantía de 12.221,70 euros constituída para responder do servizo de desenvolvemento e implantación dunha aplicación para a xestión integral dos servizos sociais dos concellos de Vigo e Ourense Fase II, xa que os servizos foron executados conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**8(917).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA A ORGANIZACIÓN DO "XL GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO" O 31 DE AGOSTO, EXPTE. 12338/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.06.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar o vindeiro sábado 31 de agosto e o 1 de setembro de 2013 o XL GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO. A proba do sábado 31 de agosto, comezará ás 19.00h e percorrerá polas rúas Colón, Príncipe e Policarpo Sanz e o domingo 1 de setembro a partir das 10.30 horas, percorrerá por Porta do Sol, Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie, Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Alvarez Blázquez, Manuel Olivie, O Castro (3.5Kms), logo se fará unha escalada polas rúas Camelias, Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie +20 voltas (Paseo dos Cedros/Paseo Cronista Alvarez Blázquez, Manuel Olivie e o Castro (42,6 kms)

**9(918).- PAGO DE DIETAS DE REPRESENTANTES DON CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 15283/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.08.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 23.07.13, conformado polo concelleiro delegado de Educación e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 6.236,28.-€ (SEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA E SEIS CON VINTE E OITO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO M <sup>a</sup> VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2 (08/01/2013 – 28/06/2013) .....	35 X 39,78.-€ .....	1.392,3.-€
Zona 2.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C1 (22/01/2013 – 28/06/2013) .....	28 X 36,72.-€ .....	1.028,16.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1 (22/01/2013 – 22/07/2013) .....	24 X 36,72.-€ .....	881,28.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1 (31/01/2013 – 28/06/2013) .....	22 X 39,78.-€ .....	875,16.-€
Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2 (22/01/2013 – 28/06/2013) .....	13 X 39,78.-€ .....	517,14 .-€
Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1 (22/01/2013 – 28/06/2013) .....	18 X 36,72.-€ .....	660,96 .-€
Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1 (17/01/2013 – 28/06/2013) .....	24 X 36,72.-€ .....	881,28 .-€

**10(919).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS PARA O EXERCICIO 2013. EXPTE. 10119/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.07.13, o informe de fiscalización do 9.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 20.08.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria e as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego nas Asociacións Veciñais”, correspondentes ao ano 2013 que se achegan de seguido e os anexos obrantes no expediente.

2º.-Aprobar, o gasto, por importe de 80.000,00 € (oitenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 2410 4890010 denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL”, do vixente exercicio presupostario (2013).

3º.- Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego en Vigo” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS**

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentas de levar a cabo desde o 1 de xullo ao 31 de outubro de 2013. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas veciñais e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

*A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:*

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Galego de Contratación, agás ao persoal contrato polas entidades con cargo ao Plan Municipal de Emprego de 2012.*

- *Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos seis (6) meses antes da aprobación da presente convocatoria de axudas.*
- *Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.*
- *Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.*
- *Avaliar os resultados dos programas e actividades sociolaborais realizadas a fin de determinar as necesidades reais existentes.*
- *Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.*
- *Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.*
- *Apoiar ás entidades asociativas veciñais no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.*
- *Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- *Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.*

*Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais deberán estar inscritas no epígrafe 10.1 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.*

#### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:*

- 1. Non ter participado en ningunha outra convocatoria de axudas para o fomento do emprego realizada polo Concello de Vigo.*
- 2. Estar inscritas no epígrafe 10.1 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)*
- 3. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 4. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 5. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.*
- 6. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.*
- 7. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.*
- 8. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.*

9. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
10. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
11. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade, e si non a tivera a través da páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario de cada entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar agás os do persoal contrato polas entidades con cargo ao Plan Municipal de Emprego de 2012.
12. Estar ao día no cumprimento do disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do Rexistro Municipal de Asociacións.

#### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións ou mantemento das realizadas no Plan Municipal de Emprego 2012, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de xullo e outubro que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria.

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostaria (2013) é de 80.000,00 € (oitenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4890010, denominada "CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL" do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

#### SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCiónS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

#### SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

- *Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.*
- *Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.*
- *Cando o proxecto de contratacións para o desenvolvemento de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base oitava.*

## 2- Con carácter xeral:

- *A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.*
- *Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos no programa I do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.*
- *Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.*
- *En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias*
- *Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s*

## OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.*
2. *Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
3. *Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2013, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.*
4. *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira*

5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

#### NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I "Solicitud": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: "Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2013".

f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

g) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentas coas administracións estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

*h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.*

*1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.*

*2- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.*

*3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.*

*4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.*

#### **NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

*O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.*

*As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.*

#### **DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.*

*Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:*

- a) *Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.*

Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.

- b) *Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.*- Ata 10 puntos.
- a) *Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:*
- a) *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
  - b) *Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.*
  - c) *Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.*
  - d) *Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención*
  - e) *Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.*
  - f) *Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración*
  - g) *No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.*
- c) *Calidade e cantidade dos contratos.*- Ata 30 puntos.
- a) *Número de beneficiarios/as* 1 punto por contrato.
  - b) *O tempo de duración do contrato:*
    - a) *6 meses* 1,00 puntos por contrato.
    - b) *7 meses* 1,50 puntos por contrato.
    - c) *8 meses* 1,75 puntos por contrato.
    - d) *9 meses* 2,00 puntos por contrato.
  - c) *Xornada:*
    - a) *Completa* 1,00 puntos por contrato
    - b) *Reducida superior ao 50% da xornada* 0,75 puntos por contrato
    - c) *Reducida inferior ao 50% e superior ao 15%* 0,50 puntos por contrato
    - d) *Reducida inferior ao 15%* 0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2012 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas

entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de tres meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

8- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

*Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.*

*09- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.*

*10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.*

*11- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vindeiro exercicio presupostario.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

*A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

- *Memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:*
  - *Denominación*
  - *Financiamento.*
  - *Contratacións realizadas:*
    - *Novas contratacións:*
      - *Denominación do/s posto/s.*
      - *Perfís profesionais*
      - *Persoas contratadas.*
      - *Periodo de contratación.*
      - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
    - *Contratos prorrogados Plan Municipal de Emprego 2012:*
      - *Denominación do/s posto/s.*

- *Perfís profesionais*
- *Persoas con contratos prorrogados.*
- *Periodo de contratación.*
- *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
- *Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:*
  - *Programa do curso.*
  - *Horas de formación.*
  - *Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- *Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.*
  - *Datas e lugar de celebración.*
  - *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.*
- *Memoria de prensa e comunicación.*
- *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persola contratado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- *Copia autenticada do contrato.*
- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.*

*En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.*

*Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

*No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

*As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO**

*O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.*

*Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de*

certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

**DÉCIMO SEXTA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de

4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### DÉCIMO SÉTIMA- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

#### DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxas contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

**11(920).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DUN PROXECTO EMPRESARIAL PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSEELERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 10277/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.08.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ CreappTICa, S.L. ” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

**12(921).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ORECO S.A. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO ACOPIO DE MATERIAIS DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE 2”. EXPTE. 2409/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución das fianzas a ORECO, SA, constituídas en data 18.12.2012, para responder do acopio de materiais da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE 2”; polo importe de : 36,964,69 € e 19.439,65 €.

**13(922).- RELACIÓN DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102206/140.**  
 Visto o informe o interventor xeral, de data 6.08.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de libramentos a xustificar:

HABILITADO	NºPA-GA-MENTO	APLI-CA-CIÓN ORZAMEN-TARIA	IMPOR-TE LI-BRA-D O	IM-PORTE XUSTI-FICA-DO	DATA DE PA-GA-ME-NTO	DATA REAL XUSTI-CACIÓN	DATA LE-GAL DE XUSTIFI-CACIÓN	REIN-TEGRO	S/ A FA-VO R
ABALDE COMESA-ÑA RAQUEL	201300032757	9120.6890000	765,00	0,00	15/05/13	09/07/13	15/08/13	765,00	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300033081	9220.2200100	45,50	45,50	15/05/13	25/06/13	15/08/13	0,00	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201300023510	1693.2200000	600,00	380,85	05/04/13	21/06/13	05/07/13	219,15	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201300025860	1693.2260100	500,00	214,89	15/04/13	08/07/13	15/07/13	285,11	---
FERNÁNDEZ FER-NÁNDEZ PAZ	201300027655	2310.4800000	70.000,00	69.966,77	25/04/13	31/07/13	25/07/13	33,23	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300029692	2410.2312007	900,00	476,25	02/05/13	18/06/13	26/09/13	423,75	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300029693	2410.2302007	742,27	682,19	02/05/13	18/06/13	02/08/13	60,08	---
OTERO LAMAS FRANCISCO	201300029676	3133.4800000	4.000,00	1.619,46	02/05/13	05/07/13	02/08/13	2.380,54	---
QUINTELA RODRÍ-GUEZ Mª JOSÉ	201300039652	2310.2250001	120,00	120,00	14/06/13	04/07/13	14/09/13	0,00	---
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300024768	9120.2269900	1.000,00	98,35	12/04/13	31/07/13	12/07/13	901,65	---
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300024774	9120.2310000	1.000,00	848,36	12/04/13	31/07/13	12/07/13	151,64	---
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300042184	9120.2260901	10.648,00	10.648,00	20/06/13	09/07/13	20/09/13	0,00	---
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300042185	9120.2260100	1.100,00	1.100,00	20/06/13	09/07/13	20/09/13	0,00	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300023511	1340.2269901	5.000,00	3.749,80	05/04/13	10/07/13	05/07/13	1.250,20	---
TOTAL			96.420,77	89.950,42				6.470,35	

**14(923).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24329/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Medio Ambiente e Extinción de Incendios, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 243,36 € correspondentes ó 2º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

**15(924).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2013. EXPTE. 24330/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 7.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Xullo de 2013, e que ascenden a un total de 906'36 € (novecentos seis euros con trinta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

**16(925).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D. CAMILO FONTAN BALBUENA, 1º SEMESTRE 2013. EXPTE. 24286/220.**

Visto o informe de fiscalización do 14.08.13, dáse conta do informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En data 19 de xullo de 2013, recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude do Director do Gabinete da Alcaldía, no que se indica que o funcionario D. Camilo Fontán Balbuena, con DNI 36.084.745-E e nº de persoal 22326, membro do Corpo da Policía Local, coa categoría de policía local, esta a desempeñar satisfactoriamente as labours de apoio persoal no desenvolvemento das funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado a Alcaldía-Presidencia prestando as súas funcións como conductor dos vehículos da Alcaldía dende o día 1 de febreiro de 2009, polo que se solicita a equiparación dos seus emolumentos as dos oficiais conductores de Alcaldía, dende o 1 de xaneiro o 30 de xuño de 2013.*

*En data 29 de xullo de 2013, o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordea que por parte do Servizo de Recursos Humanos se proceda a instrución dun expediente de asignación dun complemento de produtividade destinado a D. Camilo Fontan Balbuena, polo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias*

(complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial condutor da Alcaldía, entre o período correspondente entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2013.

Ao servizo de Alcaldía atópase adscrito un posto de "Oficial Conductor de Alcaldía", polo que ás funcións de asistencia persoal, apoio e acompañamento no vehículo oficial están a ser realizadas, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas da Alcaldía-Presidencia, polo funcionario do Servizo da Policía Local D. Camilo Fontán Balbuena, tal e como figura no informe do Director do Gabinete da Alcaldía de data 19 de xullo pasado.

O devandito funcionario continua adscrito ao seu posto de traballo, percibindo as retribucións inherentes ao mesmo de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poda acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla.

Os postos 134 policía local e 162 Oficial Condutor Alcaldía están retribuídos no ano 2013 do seguinte xeito:

Posto	C. Destino	C Especifico
Policía	439,70 €	746,78 €
Oficial condutor alcaldía	349,93 €	996,81 €

Polo tanto, a diferenza entre ambos postos supón un total mensual de 160.26 € ao mês.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 26 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Tendo en conta que D. Camilo Fontán Balbuena, con número de persoal 22326 e DNI 36084745-E, coa categoría profesional de policía local, desenvolveu funcións de oficial condutor da alcaldía durante o período 01/01/2013 o 30/6/2013, agás 10 días de vacacións disfrutados do 27 ao 31 de maio e do 25 de xuño ao 1 de xullo de 2013, polo que corresponderíalle percibir a cantidade de 908.14€ (diferencia entre o posto de policía e oficial condutor da alcaldía).

Pólo anteriormente exposto e segundo a instrucción de servizo do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 29 de xullo de 2013, e vistos os feitos precedentes, pode informarse

que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, polo período comprendido entre o 01/01/2013 e o 30/6/2013, a cantidade total de 908,14€ a D. Camilo Fontán Balbuena, con DNI nº 36.084.745-E e nº de persoal 22326.

Ditas cantidades seran aboadas con cargo a partida orzamentaria 9220.1500000 do vixente orzamento.

Por todo elo, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral:

- O aboamento, polo importe correspondente as diferencias retributivas existentes en canto as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, polo período comprendido entre o 01/01/2013 o 30/6/2013, a cantidade total de 908.14€, a D. Camilo Fontán Balbuena, con DNI 36.084.745-E e nº de persoal 22326, con cargo a partida orzamentaria 9220.1500000.

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(926).- PRODUCTIVIDADE EMPREGADOS DO SERVIZO DE ELECTROME-CÁNICOS POLA LIMPEZA DAS FONTES ORNAMENTAIS, 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24287/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13.08.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 1.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregados municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais*, D Juan Davila Pérez, con nº de persoal 14491 e D. Francisco Javier Bea Puentes, con nº de persoal 79136, as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instruccións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 2º trimestre do ano 2013.

Nº persoal	Apelidos e nome	a percibir
14491	Juan Davila Pérez	351,05€
79136	Francisco Javier Bea Puentes	280,84€

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Pérez, con nº de persoal 14491 e D. Francisco Javier Bea Puentes, con nº de persoal 79136, polo periodo correspondente ao 2º trimestre do ano 2013.

**18(927).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE RECOÑECIMIENTO DE DEREITO FORMULADA POR M<sup>a</sup> ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ . EXPTE. 24289/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- *En escrito de data 04/07/2013 (documento nº 130079071) D<sup>a</sup> María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade) pola presunta cesión ilegal de traballadores derivada da presunta prestación de servizos nos centro cívico municipal de Coruxo, xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.*

*A reclamante carece de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se somete aos sistemas de control de presenza horaria –obligatorios para os empregados/as públicos municipais- nin consta na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.*

*A reclamante manifesta e recoñece no texto da reclamación previa ter mantido e/ou manter un vínculo contractual laboral coas empresas “IMESAPI, S.A.”; “EULEN, S.A.” e “ATLAS SERVICIOS EMPRESARIAIS, S.A.U.”, entre outras.*

2.- *Visto o escrito indicado, foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe de data de sinatura 01/08/2013 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

1.- *O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos*

*inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

*Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.*

*II.- En canto ao obxecto da reclamación de recoñecemento de dereito e cantidade (declaración da condición de "traballadora fixa laboral do Concello de Vigo" segundo consta no folio 2 da reclamación previa, así como a declaración da existencia de cesión ilegal de traballadores, e o dereito á percepción da diferenzas salariais) que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.*

*Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

*En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.*

*III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 01/08/2013 sinálase literalmente que:*

*"Con data 15 de xullo de 2013 o servizo de recursos humanos solicita informe con relación á reclamación previa de recoñecemento de dereitos presentada por D<sup>a</sup> María Asunción Pérez González, conforme ao exposto na reclamación previa INFORMO:*

*1.- A interesada está na actualidade contratada pola empresa ImesApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxería, no Centro Cívico Municipal de Coruxo.*

*2.- As funcións que desenvolve son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a "Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos centros cívicos municipais dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis", e que son as que deseguido se relacionan:*

- o Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folla de calculo, base de datos, etc).*
- o Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.*
- o Confección e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilm, clasificar, encadernar, cortar, destruír, selar, ensobrar, expedir, etc.*

- *Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.*
  - *Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.*
  - *Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.*
  - *Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.*
  - *Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.*
  - *Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.*
  - *Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.*
  - *Prendido, control e apagado de calefacción.*
  - *Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.*
  - *Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.*
  - *Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.*
- 3.- *Que desde el inicio del contrato e conforme se establecía no mesmo a persoa responsable de xestión do servizo que actuó como interlocutor co Concello de Vigo é D. Jose Antonio Miguez Bastos e no seu caso D. Ramón Comesaña Alonso.*
- 4.- *Con motivo das reiteradas chamadas desde os centros cívicos municipais ao persoal do servizo de Participación Cidadá, e coa finalidade de garantir e mellorar un nivel de reposta axeitado ás necesidades dos usuarios e usuarias dos centros cívicos municipais, se requirio á empresa ImesAPI para que nomeara un/unha nova interlocutor/a da empresa, polo cual se procedeu por parte da empresa a nomear a unha das traballadoras como coordinadora, reiterando a necesidade de realizar todas os contacto con servizo xestor a través da mesma.*
- 5.- *A empresa “Global Sales Solutions Line Atlantico S.L.”, ten prestado o servizo de Atención telefónica a través do teléfono 010, coas funcións propias do servizo contratado, e conforme ao Convenio colectivo de ámbito estatal do sector de telemarketing, e a interesada ten realizado substitucións puntuais do persoal da empresa, coa categoría de “teleoperadora”.*

*O servizo Participación e Atención Cidadá, como xestor do contrato, se ten rexido en todo momento polo establecido no prego de prescricións técnicos que establecen no seu apartado 4 “Características do servizo”, entre outras que “A empresa adxudicataria será a encargada de desen-*

*volver os traballos encomendados baixo os criterios sinalados polo Concello de Vigo, de manter actualizada a axenda diaria e toda aquela información de carácter externo ó Concello e validar a información, recoller as queixas e suxestións que se realicen, recoller e entregarlle periodicamente ó responsable municipal do servizo as estatísticas, realizar as enquisas que se estimen oportunas; pasar parte ó responsable municipal de cantas incidencias puideran derivarse da xestión diaria, mantendo en todo momento unha liña de comunicación co Concello fluída e transparente. Tamén deberá dar conta detallada das quendas de traballo e calquera modificación destas, atendendo neste punto as recomendacións do Concello.”*

*O que se informa aos efectos oportunos.”*

*En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre a reclamante –que, en toda caso, tería a condición de persoal da empresa á cal prestaba ou presta servizos- e o Concello de Vigo. debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e a reclamante, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.*

*A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):*

*“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labours de empresario.*

*2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.*

*3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)*

*4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencan á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.*

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe do de data 001/08/2013, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN AL-DABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

*“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(…)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.*

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realiza-se unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.

Toda vez que a reclamante tiña pleno coñecemento e capacidade —e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización do seu contrato laboral coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente.

Admitir a mesma conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil, con consecuencias sumamente negativas no acceso ao emprego público.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime

no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de dereito e cantidade) formulada en escrito de data 04/07/2013 (documento nº 130079071) por D<sup>a</sup> María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 01/08/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **19(928).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) RESOLUCIÓN DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO POSTO DE TRABALLO DE D. IAGO HERRUZO SILVA "PROGRAMA VIGO EMPREGA". EXPTE. 24320/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 31.07.13, que di o seguinte:

*Con data 23 de xullo 2013, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude (doc. 130088857) presentada por D. Iago Herruzo Silva, con DNI 36144363-R, peón do programa Vigo-Emprega, a través da cal renuncia con efectos do 5 de agosto de 2013 a dito posto.*

*Con data 30 de xullo de 2013, polo Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego remítese informe polo que se acepta dita renuncia.*

*O interesado foi contratado con data 7 de setembro de 2012, a través dun contrato de obra ou servizo determinado para o programa "Vigo Emprega 2012".*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas prodúcese pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013, proponse á adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 23 de xullo de 2013 por D. Iago Herruzo Silva, con DNI 36144363-R, nº de persoal 82223, peón do programa "Vigo Emprega 2012", con efectos do día 5 de agosto de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndose darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente.*

Con data 31.07.13, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

## B) RESOLUCIÓN DA DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN DE D. ANTONIO AMOEDO GARCIA. EXPTE. 24326/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 5.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos , que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA, con DNI 35.238.892-V, ten a condición de funcionario municipal, con nº de persoal 22579, data de nacemento 06/09/1948, con praza de Oficial Conductor e posto de Conductor-Palista (pto. 129), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 08, adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445).

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declarárase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. Antonio Amoedo García, con data de efectos de 06/09/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, proponse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA, con data de efectos 06/09/2013, con nº de persoal 22579, data de nacemento 06/09/1948, con praza de Oficial Conductor e posto de Conductor-Palista (pto. 129), grupo C2 de

titulación e grupo de tarifa 08, adscrito ao Servizo de Parque Móbil (445), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

Con data 5.08.13, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **20(929).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL PARA ASISTIR A CONGRESO E CURSOS DE FORMACIÓN ORGANIZADOS POLO INAP. EXPTE. 1369/110.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da secretaria do Goberno local, do 7.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, o tesoureiro, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, secretaria do Goberno Local, nº persoal 81004 a asistir ao curso: “*Técnicas de control e intervención en la edificación*”, de carácter mixto, modalidade on-line e presencial, os días 16 ao 19/09/2013 en horario de mañá e tarde na sede do INAP-Madrid.

Segundo.- Autorizar o gasto de 1.600,17 €, pola asistencia ao “*IV Congreso Internacional en Goberno, Administración e Políticas Públicas CIGAPP-IUOIG*” (23 e 24 de setembro de 2013) (autorización por resolución do 01/08/2013) e pola asistencia ao curso “*Técnicas de control e intervención en la edificación*”, de carácter mixto, modalidade on-line e presencial, os días 16 ao 19/09/2013 en horario de mañá e tarde na sede do INAP-Madrid., nos termos do previsto no RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e normativa de concordante aplicación, seguíndose para os efectos o previsto nas Bases de execución dos orzamentos municipais para o presente exercicio económico 2013 e as previsións do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

-Gastos IV CONGRESO INTERNACIONAL EN GOBERNO CIGAPP-IUOIG:

CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
----------	---------	---------

Dietas por aloxamento e manutención	9220.230.2000	Día de saída (22/09): 1 dieta aloxamento 102,56€ ½ manutención 26,67€ Día intermedio (23/09): 1 aloxamento 102,56€ 1 manutención 53,34€ -Día de regreso (24/09): ½ manutención 26,67€ 311,80€	
Gastos inscrición	9221.162.0001		74,00 €
Gastos desprazamento	9220.231.2001	Avión.....	300,00 €
		Taxi/bus.....	60,00 €
	TOTAL		745,80 €

-Gastos curso: "TÉCNICAS DE CONTROL E INTERVENCIÓN EN LA EDIFICACIÓN"

CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
3 Dietas completas (aloxamento e manutención) 155,90*3 1/2 Dieta manutención	9220.230.2000	467,70 euros 26,67 euros
Gastos desprazamento Avión taxi-bus	9220.231.2001	300 euros 60 euros
	TOTAL	854,37 EUROS

TOTAL GASTOS: 745,80+854,370= 1.600,17 €

Terceiro.-Autorizar libramento a xustificar por importe de 1.600,17 euros, a favor da funcionaria municipal D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, nº persoal 81004 para cubrir os gastos relacionados no apartado anterior que se imputaránás seguintes partidas orzamentarias:

-Partida 9220.230.2000 (dietas manutención e aloxamento)	806,17 €
-Partida 9220.231.2001 (gastos locomoción)	720,00 €
-Partida 9221.162.0001 (taxas inscrición)	74,00 €

Cuarto.- O gasto la xustificar farase efectivo na conta restrinxida de pagamentos aperturada na Tesourería Municipal, núm. Cc 2080 500683110288501.

Quinto.- Notificar o presente á Intervención Xeral para o seu trámite.

**21(930).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

A) ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 86402/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 6.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada en data 28/05/13 pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA CIF G 36842284 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dunha CHOURIZADA levada a cabo en data 23 DE XUÑO NA PRAZA DA MIÑOCA , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

B) ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 86373/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 5.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 19/06/13 pola ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA CIF G36881530 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da FESTA PATRONAL levada a cabo en datas 28,29,30 DE XUÑO e 1 de XULLO na alameda de San Paio de Navia , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

C) AGRUPACIÓN COMISIÓNS DE FESTAS DE VIGO. EXPTE. 86432/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 5.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola AGRUPACIÓN COMISIÓNS DE FESTAS DE VIGO CIF G-36659563 en data 24/07/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da festa na honra de Santa Baia levada a cabo en datas 13 e 14 de XULLO en Alcabre, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

## **22(931).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e nove minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.